

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CPI AURELIO MARCELINO REY GARCÍA

CURSO: 1º ESO

MATERIA: XEOGRAFÍA E HISTORIA

DEPARTAMENTO: XEOGRAFÍA E HISTORIA

DATA: 11-5-2020

XEFE DO DEPARTAMENTO: JESÚS MARTÍN CARRASCO

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1-Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Coñecer o Sistema Solar e establecer as relacións entre os movementos da terra e a existencia das estacións e do día e da noite, e comprender a súa importancia na distribución dos climas e da Biota	Analiza un mapa de fusos horarios e diferencia zonas do planeta de similares horas
Analizar e identificar o mapa, e coñecer as imaxes de satélite e os seus usos principais	Clasifica e distingue tipos de imaxes de satélite e mapas
Localizar espazos xeográficos e lugares nun mapa ou imaxe de satélite, utilizando datos de coordenadas xeográficas	Localiza un punto xeográfico nun planisferio e distingue os hemisferios da Terra e as súas principais características.
	Localiza espazos xeográficos e lugares nun mapa, utilizando datos de coordenadas xeográficas.
Localizar no mapamundi físico as principais unidades do relevo mundiais, os grandes ríos e as grandes zonas climáticas, e identificar as súas características.	Sitúa nun mapa físico as principais unidades do relevo europeo e mundial
Ter unha visión global do medio físico europeo e mundial, e das súas características xerais.	Localiza nun mapa físico mundial os elementos e as referencias físicas principais: mares e océanos, continentes, illas e arquipélagos máis importantes, ríos e cadeas montañosas principais.
	Elabora climogramas e mapas que sitúen os climas do mundo e reflectan os elementos máis importantes
Ser capaz de describir as peculiaridades do medio físico europeo.	Explica as características xerais do relevo europeo
Situar no mapa de Europa as unidades e os elementos principais do relevo continental.	Localiza no mapa as unidades e os elementos principais do relevo europeo.
Coñecer, comparar e describir os grandes conxuntos bioclimáticos que conforman o espazo xeográfico europeo.	Clasifica e localiza nun mapa os tipos de clima de Europa.
	Distingue e localiza nun mapa as zonas bioclimáticas do noso continente.
Entender o proceso de hominización	Recoñece os cambios evolutivos ata chegar á especie humana.
Datar a Prehistoria e a Idade Antiga, e distinguir a escala temporal de etapas	Distingue etapas dentro da historia antiga.

coma estas.	
Coñecer as características da vida humana correspondentes aos dous períodos en que se divide a Prehistoria: Paleolítico e Neolítico	Explica a diferenza entre os dous períodos en que se divide a prehistoria e describe as características básicas da vida en cada un.
	Analiza a transcendencia da revolución neolítica e o papel da muller nela

2-Avaliación e cualificación.

Avaliación	<p>Procedementos:</p> <p>Traballo co ordenador: elaboración de táboas e gráficas.</p> <p>Análise de textos xeográficos e históricos</p> <p>Preguntas pechadas e abertas, de selección múltiple, de emparellamento, ...</p> <p>Análise e interpretación de mapas.</p> <p>Elaboración de esquemas.</p> <p>Elaboración de eixes cronolóxicos</p>
	<p>Instrumentos:</p> <p>Escala de observación (numéricas e descritivas)</p> <p>Diario</p>
Cualificación final	<p>Nota media da primeira e segunda avaliación + ata 2 puntos en función das tarefas realizadas dende o 13 de marzo.</p> <p>O alumnado que tivera unha ou dúas avaliacións suspensas terá a oportunidade de recuperala durante este período, e terase en conta dita recuperación para a cualificación final.</p> <p>As tarefas que se entregan fora de prazo, unha vez que o profesor xa colgou as solucións na aula virtual, non contan para subir nota.</p>
Proba extraordinaria de setembro	<p>En setembro a proba consiste nun exame baseado nos contidos impartidos ata o 13 de marzo</p>
Alumnado de materia pendente	<p>Non procede</p>

3-Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)

Actividades	<p>As tarefas son de 3 tipos: de recuperación, de reforzo e de ampliación.</p> <p>As de recuperación son para aquel alumnado que</p>
--------------------	--

	<p>suspendeu unha ou as dúas avaliacións, e terá que traballar durante este período para recuperar.</p> <p>As de reforzo e ampliación son para o alumnado que non ten que recuperar, e que tivera tanto notas baixas dentro do aprobado como altas:</p> <p>Exercicios de fusos horarios.</p> <p>Traballo con mapas para localizar puntos a partir das coordenadas xeográficas.</p> <p>Localización nun mapa das principais unidades de relevo tanto a nivel mundial como europeo.</p> <p>Elaboración e análise de climogramas.</p> <p>Preguntas teóricas para definir os principais conceptos xeográficos estudados ao longo do curso.</p> <p>Análise de imaxes fotográficas para recoñecer os diferentes tipos de paisaxes relacionados cos climas.</p> <p>Exercicios de relacionar logros da evolución con cada unha dos tipos humanos.</p> <p>Exercicios de relacionar fontes materiais con as diferentes etapas da prehistoria.</p> <p>Preguntas teóricas para recoñecer as principais características de cada etapa da Prehistoria.</p>
<p>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</p>	<p>Os luns a primeira hora (8:30) o profesor colga as tarefas na aula virtual do centro, na que aparecen a explicación das mesmas, os materiais necesarios para a súa elaboración e o prazo de entrega. Por acordo xeral do profesorado da ESO en reunión telemática, estableceuse os venres ás 17:00 horas como prazo para a entrega das tarefas por parte do alumnado. Esta entrega de tarefas realízase a través do correo electrónico facilitado polo profesor.</p> <p>Durante a semana o profesor vai resolvendo dúbidas, corrixindo as tarefas segundo van chegando e comunicándolle ao alumnado o resultado da mesma.</p> <p>O fin de semana o profesor colga na aula virtual as solucións das tarefas.</p>
<p>Materiais e recursos</p>	<p>Libro de texto, documentos (textos, mapas, gráficos, ...) aportados polo profesor, páxinas web</p>

4- Información e publicidade

<p>Información ao alumnado e ás familias</p>	<p>O profesor utilizará a aula virtual e o correo electrónico para comunicarse co alumnado e as familias</p>
---	--

Publicidade

Publicación obrigatoria na páxina web do centro.